

*Orde do 8 de febreiro de 1993 pola que se declara a existencia dunha praga de pulguiña do carballo (Altica quercetorum Foud).*

Detectouse nos últimos anos que nalgunhas carballeiras da nosa Comunidade se están a producir ataques de *Altica quercetorum*, un coleóptero da familia dos crisomélidos, coñecido como pulguiña do carballo. Estes ataques están acadando unha intensidade ata agora descoñecida, o que fai necesario a súa declaración de praga, para así poder realizar actuacións tendentes a restituí-las poboacións de *Altica quercetorum* á súa situación tradicional, por medio dos tratamentos precisos de xeito que se minimicen os danos que esta poida causar.

Da experiencia acadada nestes anos pódese asegurar que ten unha grande capacidade de espallamento e tamén que poden xurdir novos focos en carballeiras afastadas das comarcas afectadas nos anos anteriores.

Por todo o exposto, ó abeiro do establecido nos artigos 61 e 69 da vixente Lei de montes, e dos artigos 357 a 387 do seu regulamento, e vista a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural,

#### DISPOÑO:

1.—Declárase a existencia dunha praga de pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foud) que pode afectar ás carballeiras de calquera zona de Galicia.

2.—Os propietarios de montes onde, a xuízo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poidan constituírse focos de espallamento desta praga, deberán autorizala realización, por parte da Administración, dos traballos de prevención e extinción que se consideren necesarios.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dicta-las disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 1993.

Tomás Pérez Vidal  
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

#### Consellería de Sanidade

*Resolución do 25 de xaneiro de 1993, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso, contencioso-administrativo número 042/93, interposto por María del Socorro Carrera Olive, José Vázquez Gregorio, María del Pilar Vázquez Neira e María Teresa López Émil.*

Con data do 20 de xaneiro de 1993, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas recibe da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo nº 042/93 interposto por María del Socorro Carrera Olive e outros, José Vázquez Gregorio, María del Pilar Vázquez Neira e María Teresa López Émil, contra resolución da Consellería de Sanidade do 6-11-1992 que desestima o recurso de reposición contra Orde do 24-7-1992 (DOG 31-7-1992), sobre concurso-oposición (persoal santiario funcionario ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia), e na que se reclama o expediente administrativo correspondente.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer e constituírse en parte en autos na Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 1993.

Carlos Negreira Souto  
Director xeral de Recursos Humanos do Sergas

#### Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

*Corrección de erros.—Orde do 20 de novembro de 1992 pola que se aproba o cambio de dominio de varias bateas (Amazonas e outras II).*

Advertido erro no texto da devandita orde, publicada no DOG nº 11 do 19-1-1993, cómpre efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 395, columna da dereita, onde di: «Denominación da batea: Nupi nº 1», debe dicir: «Denominación da batea: Nupi».